

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, este Concello establece a “Taxa pola recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbáns” que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- OBRIGATORIEDADE.

1. Dado o carácter hixiénico-sanitario e de interese xeral, o servizo é de obrigatoria aplicación e pago para toda persoa física ou xurídica que sexa suxeto pasivo da obriga, segundo o establecido no artigo 5º da presente ordenanza.

2. Queda totalmente prohibido o verquido de lixo en todo o Término Municipal.

ARTIGO 3º.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida, conducción, trasego, verquido, manipulación e eliminación de basuras domiciliarias e residuos sólidos urbans de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas, de servizos ou similares.

2.- Entran dentro do ámbito de aplicación da presente Ordenanza os desfeitos e residuos sólidos producidos coma consecuencia das seguintes actividades e situacións:

- a) Domiciliarias.
- b) Comerciales e de servizos.
- c) Sanitarias
- d) Outras análogas

3.- O lixo deberá depositarse polos usuarios do servizo nos contenedores instalados ó efecto e deberán introducilo previamente en bolsas de plástico debidamente pechadas. O lixo que polas súas características especiais non poidan ser depositadas nas correspondientes bolsas, serán sacadas á vía pública no momento da recollida.

ARTIGO 4º.- NACEMENTO DA OBRIGA.

1.- A obriga de contribuir nace coa prestación do servizo, por ter a condición de obrigatoria e xeral entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubre a organización do servizo.

2.- Non será admisible alegación algunha sobre vivendas ou locais pechados ou non utilizados coma eximente do pago da presente taxa.

ARTIGO 5º.- SUJETOS PASIVOS.

1.- En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das

bases de réxime local e artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, este Concello establece a “Taxa pola recollida domiciliaria de lixo ou residuos sólidos urbáns” que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

2.- Terán a consideración de suxetos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 6º.- CUOTAS TRIBUTARIAS.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local. A tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local. A tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

- Vivendas.....35,00 euros
- Establecementos de alimentación,
Comerciais, industrias ou mercantís
E outras non especialmente tarifadas.....52,00 euros
- Granxas.....16,00 euros

ARTIGO 7º.- REXÍMENES DE DECLARACION E INGRESO.

1. Os efectos da cobranza da presente taxa, por parte do Concello formarase un padrón no que figurarán os contribuíntes e as cuotas respectivas que se lles liquiden por aplicación da presente Ordenanza. As altas ou incorporacións, que non sexan a petición propia, notificaránselles persoalmente ós interesados.

2. Unha vez incluídos os contribuíntes no padrón de referencia non será necesaria notificación persoal algunha bastando a publicación anual do mesmo no "Boletín Oficial da Provincia" e no taboleiro de edictos do Concello.

ARTIGO 8º.- ALTAS E BAIAS.

1. As altas do padrón deberán cursarse antes do último día laborable do respectivo exercicio económico para que surtan efectos a partires do exercicio seguinte.

2. As altas que se produzan dentro do exercicio surtirán efectos dende a data en que nazca a obriga de contribuir. Pola Administración Municipal liquidarase en ese momento da alta a Taxa procedente e quedará automaticamente incorporada ó padrón, para os seguintes exercicios.

ARTIGO 9º.- DEVENGO.

1. A taxa regulada pola presente Ordenanza devengarase por anos completos o día primeiro de cada exercicio.

2. As cuotas liquidadas e non satisfeitas no período voluntario e na súa prórroga faranse efectivas pola vía de contriximento, con arranxo as normas do Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 10º.- INFRACCIONS TRIBUTARIAS E SANCIONS.

1. En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da lei Xeral Tributaria.

2. As infraccións a esta ordenanza que non constitúan defraudación serán resoltas pola Alcaldía, na forma e contía prevista nas disposicións legais vixentes.

DISPOSICION FINAL.

A presente modificación da ordenanza fiscal da taxa pola recollida do lixo entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa e comenará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce.